



Guía docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Practicum I	Código	652G03027	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Periodo	Curso	Tipo	Créditos
Grado	2º cuatrimestre	Tercero	Obligatoria	12
Idioma	Gallego			
Modalidad docente	Presencial			
Prerrequisitos	Para matricularse no Prácticum I é necesario ter superados 90 créditos.			
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Pedagogía e Didáctica Psicoloxía Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinador/a	Digon Regueiro, Alba Patricia	Correo electrónico	patricia.digon@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			
Descripción general	<p>CORREO-E: practicum.educacion@udc.es</p> <p>Créditos e presencialidade</p> <p>Dos 12 créditos ECTS da materia (300 horas), o 45% son de carácter presencial (135 horas) e o 55% de traballo autónomo (165 horas)</p> <p>Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (25 horas semanais), e as 10 horas restantes adicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade.</p> <p>Durante o desenvolvemento do Practicum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre do terceiro curso da Titulación.</p> <p>Contextualización</p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación dos plans de estudo acorde cos requirimentos do novo Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no 1999 coa Declaración de Bolonia e que destacaba a importancia de reforzar a investigación-innovación-educación para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: ?Os títulos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art.9.1), de tal maneira que contempla a posibilidade de establecer prácticas externas que virían a ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación?..proporcionando un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (Preámbulo) (RD 1393/2007, de 29 de outubro, de Ordenación das ensinanza universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, facilitando que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais, senón tamén asignarlle un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes que se usen para poñer en funcionamento a investigación. Trátase de situar a práctica profesional no centro da formación, como elemento a ter en conta no exercicio profesional, onde a reflexión sobre a experiencia converta dita experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía, potenciando a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>			

Competencias del título	
Código	Competencias del título
A1	Conocer los campos de la educación social y reconocer nuevos ámbitos emergentes.
A3	Analizar las políticas de bienestar social y la legislación que sustentan los procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar y analizar los factores contextuales que afectan a los procesos de intervención socioeducativa.



A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural y educativa.
A14	Identificar y emitir juicios razonados sobre problemas socioeducativos para mejorar la práctica profesional.
A20	Desarrollar una disposición favorable al trabajo en contornos multiculturales y plurilingüísticos.
B2	Redactar y presentar informes técnicos, memorias, reglamentos o cualquier otro documento básico que contribuya a regular la acción socioeducativa.
B5	Capacidad de mostrar actitudes coherentes con las concepciones éticas y deontológicas propias de la profesión.
B6	Adquirir y dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas y propuestas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.
C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.
C8	Valorar la importancia que tiene la investigación, la innovación y el desarrollo tecnológico en el avance socioeconómico y cultural de la sociedad.

Resultados de aprendizaje			
Resultados de aprendizaje	Competencias del título		
	1. Familiarizarse cos diferentes contextos profesionais inherentes á Educación Social.	A1 A14	B2 B5 B6
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan aos procesos de intervención socioeducativa	A3 A5	B2 B5	
Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social	A11	B2 B5	
Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contextos multiculturais e plurilingüísticos	A20	B6	C1 C7 C8

Contenidos	
Tema	Subtema
Os contidos que se abordarán nos diferentes destinos de prácticas estarán básica e intimamente relacionados cos campos profesionais da educación social e os labores inherentes a eles. Así, accións como identificar e analizar os factores contextuais que afectan aos procesos de intervención socioeducativa, detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificultan a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos ou desenvolver disposicións favorables ao traballo en contextos multiculturais e plurilingües etc. serán motivo de atención e titorización do alumnado polos respectivos titores. Enténdese que a inserción laboral é un campo con presenza nos distintos ámbitos profesionais da educación social. De igual maneira, será de interese garantir a presenza do/a educador/a social en formación naqueles espazos laborais emerxentes en que se albiscaren posibilidades para o exercicio profesional.	<p>O Practicum I realizarase en institucións e servizos pertencentes aos seguintes ámbitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Menores (desprotección e conflito social) 2. Diversidade funcional (Discapacidade) 3. Dinamización social - cultural - educativa 4. Drogodependencias 5. Muller. Políticas de igualdade 6. Educación ambiental 7. Inmigración e educación para o desenvolvemento. 8. Educación de persoas adultas / centros para maiores. 9. Servizos sociais



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciales	Horas no presenciales / traballo autónomo	Horas totales
Salida de campo	A11 A1 B5 B6 C1 C7	125	0	125
Análisis de fontes documentales	A3 A5 C8	0	30	30
Portafolio do alumno	A14 B2 C4	0	120	120
Seminario	A14 A20 B5 C1 C4 C7 C8	10	0	10
Atención personalizada		15	0	15

(*Los datos que aparecen en la tabla de planificación són de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de los alumnos

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Salida de campo	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 125 horas de permanencia na institución socioeducativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións socioeducativas cos profesionais da propia institución etc.
Análisis de fontes documentales	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións socioeducativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención socioeducativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Portafolio do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno no practicum, cos comentarios e cualificacións asignadas polo titor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas, traballos, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo titor, etc.
Seminario	<p>1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar ao alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2. Selección da institución (2 horas).</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna. - Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. - Ao finalizar a estadía na institución, de avaliación e reflexión final do practicum.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Seminario	A atención personalizada concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para os alumnos.
Salida de campo	
Portafolio del alumno	A forma e o momento en que se desenvolverá indicaranse para cada actividade ao longo do Practicum I e o plan de traballo. Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías. O/a Titor/a da UDC realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. O/a Titor/a da UDC manterá unha fluidez comunicativa co titor/a da institución, de maneira que garante o desenvolvemento adecuado do practicum.

Evaluación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Calificación
Seminario	A14 A20 B5 C1 C4 C7 C8	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións presenciais - Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10
Salida de campo	A11 A1 B5 B6 C1 C7	O/a titor/a da institución colaborador/a realizará a avaliación de implicación e actuación do alumnado no centro/aula	45
Portafolio del alumno	A14 B2 C4	O titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolio cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica. - Dominio conceptual e capacidade analítica. - Capacidade para relacionar ideas e accións. - Capacidade de argumentar e fundamentar. - Expresión escrita propia e claridade expositiva. - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións. - Capacidade de autoavaliación e autocrítica. - Orixinalidade da proposta.	45

Observacións avaliación
<p>a) Requisitos para superar a materia:</p> <ol style="list-style-type: none"> Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: practicas socioeducativas e portafolios. <p>b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):</p> <ol style="list-style-type: none"> As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia. Os seminarios non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación. <p>c) Cualificacións:</p> <ol style="list-style-type: none"> A cualificación final será a media das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada. Non realizar as practicas socioeducativas estando matriculado na materia supón un Non Presentado. Non presentar o portafolios tendo as prácticas socioeducativas superadas supón obter como máximo a cualificación de suspenso 4.

Fuentes de información	
Básica	Cómpre consultar a bibliografía das diferentes materias da titulación segundo o ámbito elixido e de acordo coas indicacións dos titores.



Complementaría	
----------------	--

Recomendaciones

Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente
--

Asignaturas que se recomienda cursar simultáneamente

Asignaturas que continúan el temario

Otros comentarios

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*) La Guía Docente es el documento donde se visualiza la propuesta académica de la UDC. Este documento es público y no se puede modificar, salvo cosas excepcionales bajo la revisión del órgano competente de acuerdo a la normativa vigente que establece el proceso de elaboración de guías